Proxecto de ORDE pola que establecen as bases da convocatoria coordinada de mobilidade trasnacional xuvenil (Galeuropa), e se procede a súa convocatoria para o ano 2015, con cargo ao Programa Operativo de Emprego Xuvenil

Obxecto

Establecer as bases reguladoras que rexerán os procedementos de concesión de axudas para proxectos de mobilidade trasnacional dirixido a mozos e mozas menores de 25 anos para a realización de prácticas formativas non remuneradas en entidades/empresas públicas ou privadas de países europeos, e proceder a súa convocatoria para o ano 2015, con cargo ao Programa Operativo de Emprego Xuvenil.

FINALIDADE

Reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais dos/as mozos/as non ocupados/as e non integrados/as nos sistemas de educación ou formación, contribuíndo á mellora da súa formación mediante a adquisición de experiencia profesional para a súa incorporación ao mercado de traballo, ao tempo que se apoia a adquisición de competencias en idiomas estranxeiros.

PERSOAS/ENTIDADES BENEFICIARIAS

Mozos e mozas individualmente.

Entidades sen ánimo de lucro que con sede permanente ou domicilio social en Galicia que desenvolvan actividades no eido da xuventude.

Concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia validamente constituídas, así como as entidades resultantes da fusión de municipios a que se refire a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

ORZAMENTO

1.081.081 €

481.081 € para axudas de mobilidade individual

375.000 € para axudas a proxectos presentados por entidades sen ánimo de lucro

225.000 € para axudas a proxectos presentados por concellos

Anticipo do 80% da axuda

PROXECTOS SUBVENCIONABLES

Obxectivos

- Mellorar o nivel de aptitudes e competencias clave dos/as participantes.
- Reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais dos/as mozos/as non ocupados/as e non integrados/as nos sistemas de educación ou formación, contribuíndo á mellora da súa formación mediante a adquisición de experiencia profesional para a súa incorporación ao mercado de traballo.
- Contribuír a facilitar aos mozos e mozas o seu acceso ao mercado de traballo, reducir os obstáculos lingüísticos e fomentar a súa autonomía persoal mediante a mellora da súa empregabilidade.
- Potenciar os programas de educación non formal para que os mozos e mozas adquiran coñecementos e habilidades que axuden a completar o seu desenvolvemento persoal e profesional.

Persoas destinatarias dos proxectos

Estar inscritos/as no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ter menos de 25 anos, ou menos de 30 se teñen un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.O requisito de idade debe cumprirse no momento de solicitar a inscrición no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

Ademais dos requisitos anteriores, en coherencia coa citada Lei 18/2014 deberán cumprir os seguintes:

- a) Non ter traballado nos 30 días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.
- b) Non ter recibido accións educativas que comporten máis de 40 horas mensuais nos 90 días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.
- c) Non ter recibido accións formativas que comporten máis de 40 horas mensuais nos 30 días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.

Selección participantes. Criterios

Prácticas formativas similares realizadas en convocatorias anteriores (incluídas convocatorias anteriores de Galeuropa, e bolsas Leonardo da Vinci e/ou Erasmus de prácticas), dando preferencia á persoa que leve máis tempo sen realizar prácticas

Test escrito de motivación de realización de práctica

Obxectivos definidos pola persoa participante na solicitude de mobilidade, tendo en conta o seu grado de adecuación á finalidade do programa de mobilidade transacional xuvenil e á do propio proxecto da entidade

REQUISITOS DOS PROXECTOS

O proxecto deberá presentarse xunto coa solicitude no modelo normalizado que figurará como Anexo da orde.

Só se poderá presentar un proxecto por entidade solicitante

O número de mobilidades por proxecto será **mínimo 4 e máximo 40**.

As mobilidades dun proxecto poderán ser realizadas en **distintos fluxos** dentro da duración máxima do proxecto.

A duración máxima do proxecto será de 6 meses

Requisitos mínimos que deben cumprir os proxectos para poder participar: en recursos humanos e na preparación lingüística

FASES DOS PROXECTOS

Organización e planificación: inclúe o proceso selectivo e a preparación sociolingüística e intercultural previa á saída, ademais da busca do/s socio/s de acollida.

Execución e seguimento das actividades de mobilidade: realización das estancias de prácticas formativas non remuneradas en empresas/entidades de países de Europa e seguimento durante a realización, titorización das prácticas.

Avaliación e seguimento posterior: inclúe a avaliación das actividades e o recoñecemento formal dos resultados de aprendizaxe obtidos polos participantes durante a actividade, así como a difusión e o uso dos resultados dos proxectos. Suporá o seguimento e apoio aos beneficiarios que participan nesta convocatoria en calquera das modalidades por un período mínimo de 6 meses unha vez finalizadas as prácticas.

DURACIÓN DAS MOBILIDADES

O período de realización das prácticas formativas non retribuídas abarcará dende o día seguinte á publicación da resolución de beneficiarios/as das axudas ata a data límite do 15 de novembro de 2015.

Horas formativas: duración mínima de **100 horas mensuais**.

Duración das prácticas (agás causa de forza maior debidamente acreditada) será:

Nas axudas individuais á mocidade: **2 meses consecutivos**

Nas axudas a proxectos presentados por entidades: **mínimo 2 meses e máximo 3 meses consecutivos**

CONTÍA DAS AXUDAS

Para calcular os gastos elixibles das axudas utilízase a opción de custos simplificados aplicable aos fondos estruturais e de investimento europeos que ten por obxectivo a simplificación da xestión administrativa e das obrigas de xustificación impostas a beneficiarios e beneficiarias.(artigos 67 e 68 do Regulamento (EU) 1303/2013; artigo 14. 2-4 do regulamento (EU) 1304/2013; e artigo 19 do regulamento (EU) 1299/2013).

A orde acollerá na súa regulación a dita posibilidade distinguindo entre: custos directos para dar apoio á execución do proxecto e a gastos excepcionais e custos unitarios, suxeitos ao réxime de custos simplificados

APOIO Á ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DA MOBILIDADE				
Custos subvencionables		Mecanismo de financiam.	Importe	Norma de asignación
A) Apoio a aspectos organizativos	Todo custo directamente relacionado coa organización das actividades de mobilidade (salvo os gastos de viaxe e estancia dos participantes)	Custos unitarios	350 euros por participante	Baseada no número de participantes na mobilidade
B) Apoio a necesidades especiais	Custos adicionais directamente relacionados coas persoas participantes con discapacidades, incluída a figura do monitor/monitora que os acompañe en caso de necesidade.	Custos unitarios	550 euros por participante	Condición: a petición de apoio financeiro se deberá motivar na solicitude
C) Apoio á execución do proxecto	Custos relacionados cos traslados e xestións que deba realizar o persoal das entidades aos países que contemplen nos seus proxectos para a súa execución	Parte dos custos subvencion.	100% dos gastos realizados ata un máximo de 5.000 euros	Condición: a petición de apoio financeiro se deberá motivar na solicitude

GASTOS DE VIAXE (ida e volta)							
Pais	Contía		Pais	Contía		Pais	Contía
Alemaña	275€		Francia	275€		Noruega	360€
Austria	360€		Grecia	360€		P. Baixos	275€
Bélxica	275€		Hungría	360€		Polonia	360€
Bulgaria	360€		Irlanda	275€		Portugal (*Azores e Madeira)	180€ (*275€)
Chipre	530€		Islandia	360€		R. Checa	275€
Croacia	275€		Italia	275€		R. Unido	275€
Dinamarca	360€		Letonia	360€		Romanía	360€
Eslovaquia	360€		Liechtenstein	275€		Suecia	360€
Eslovenia	275€		Lituania	360€		Suíza	275€
Estonia	360€		Luxemburgo	275€		Turquía	530€
Finlandia	360€		Malta	360€			

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN						
PAÍSES	Custo Mes/ Participante	*Custo Día/ Participante		PAÍSES	Custo Mes/ Participante	*Custo Día/ Participante
ALEMAÑA	1.226€	40,31€		ITALIA	1.350€	44,38€
AUSTRIA	1.278€	42,02€		LETONIA	920€	30,25€
BÉLXICA	1.200€	39,45€		LIECHTENSTEIN	1.444€	47,47€
BULGARIA	1.002€	32,94€		LITUANIA	906€	29,79€
CHIPRE	1.096€	36,03€		LUXEMBURGO	1.200€	39,45€
CROACIA	1.041€	34,98€		MALTA	1.088€	35,77€
DINAMARCA	1.654€	54,38€		NORUEGA	1.670€	54,90€
ESLOVAQUIA	1.058€	34,78€		P.BAIXOS	1.322€	43,46€
ESLOVENIA	1.042€	34,26€		POLONIA	1.320€	43,40€
ESTONIA	954€	31,36€		PORTUGAL	1.102€	36,23€
FINLANDIA	1.400€	46,03€		R.CHECA	1.024€	33,67€
FRANCIA	1.418€	46,62€		R.UNIDO	1.672€	54,97€
GRECIA	1.120€	36,82€		ROMANIA	1.008€	33,14€
HUNGRÍA	914€	30,05€		SUECIA	1.378€	45,30€
IRLANDA	1.464€	48,13€		SUIZA	1.444€	47,47€
ISLANDIA	1.376€	45,24€		TURQUÍA	896€	29,46€

APOIO LINGÜÍSTICO			
Custos subvencionables	Mecanismo de financiam.	Importe	Norma de asignación
Custos relacionados co apoio aos participantes (antes da súa partida ou durante á estancia) co fin de mellorar o seu coñecemento da lingua que utilizarán para a realización da estancia formativa. **Exíxexe un mínimo de 10 horas de preparación lingüística.**	Custos unitarios	150 euros por participant e	Condición: as persoas /entidades solicitantes deberán solicitar o apoio lingüístico na lingua necesaria para a mobilidade

GASTOS EXCEPCIONAIS			
Custos subvencionables	Mecanismo de financiamento	Importe	Norma de asignación
Custos de visados e relacionados co visado, permisos de residencia, vacinas e pólizas de seguros	Parte dos custos subvencionables	100% do gasto at o máximo de 150€	Condición: a petición de apoio financeiro para cubrir gastos excepcionais deberase motivar na solicitude

PERÍODO DO GASTO SUBVENCIONABLE

Serán obxecto de subvención todos aqueles gastos que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre 1 de xaneiro de 2015 e o 22 de novembro do mesmo ano, e sempre que se realice o seu pagamento no mesmo período.

SOLICITUDES

1 mes

Axudas individuais e axudas a proxectos de entidades:

- preferentemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible en sede electrónica da Xunta de Galicia
- opcionalmente: en soporte papel

Axudas a proxectos de concellos: por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible en sede electrónica da Xunta de Galicia

PRAZOS

1 mes para a presentación da solicitude.

10 días hábiles: aceptación ou renuncia. Solicitude anticipo

20 días hábiles (no caso de non telo presentado no momento da solicitude): Axudas individuais: compromiso da empresa de acollida. Axudas concellos e entidades: acordos cos socios de acollida

2 días antes de iniciar as prácticas:

- Axudas individuais:copia da tarxeta sanitaria europea ou seguro médico que dea cobertura equivalente no país de destino durante o período de prácticas.
- Axudas concellos e entidades: copia da póliza de seguros de accidentes e responsabilidade civil que dea cobertura a mocidade que realizará as mobilidades así como a copia do seguros médicos que subscriba ou no seu defecto certificación de que todas as persoas participantes posúen a tarxeta sanitaria europea

Axudas individuais: nos primeiros 5 días dende que se inicien as prácticas comunicar á DXXV: período de duración das prácticas, o nome da empresa de acollida (enderezo, teléfono e correo electrónico persoa responsable)

Axudas a proxectos de entidades e concellos: con 5 días de antelación comunicar o inicio da realización das prácticas

A partir do 14 de agosto non se realizarán novas propostas de resolución

15 de novembro: data límite de realización das prácticas

AXUDAS ENTIDADES/ CONCELLOS

Criterios de avaliación

1. Organización e planificación

2. Execución e o seguimento das actividades de mobilidade

3. Seguimento posterior e avaliación dos resultados

4. Emprego da lingua galega

**** Proxectos de Concellos:

Número de persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia na data de remate da presentación de solicitudes

XUSTIFICACIÓN DA AXUDA

Certificado emitido pola empresa/entidade de acollida das prácticas no que constará a efectiva realización das prácticas formativas da persoa participante, así como o período en que se desenvolveron, o número de horas formativas mensuais e as actividades levadas a cabo. Deberá estar debidamente asinada pola persoa representante da empresa a persoa que titorizou as prácticas e maila persoa que realizou as prácticas.

Documentación que acredite que efectivamente se realizaron as mobilidades ao país ou países de acollida sinalados no proxecto subvencionado, mediante a presentación das tarxetas de embarque ou billetes de autobús ou tren

Certificación da persoa responsable da entidade/ certificada expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace do alcalde/sa ou presidente; de que as persoas participantes na mobilidade transnacional cumprían os requisitos para participar establecidos nesta orde e de que se realizou o proceso selectivo conforme ao estipulado na orde de convocatoria. Xuntaranse as certificacións ou actas das valoracións dadas ás solicitudes presentadas, con relación numerada por orde de puntuación das persoas beneficiarias e da lista de espera, así como das solicitudes non admitidas e a causa.

OBRIGAS

Buscar á súa conta o socio de acollida para as prácticas.

Dispoñer dos seguros médicos e de responsabilidade civil necesarios para dar cobertura ás persoas participantes nas mobilidades durante o período de duración das prácticas.

Control de resultados

Nas mobilidades individuais:

No prazo de tres meses ao remate do período de realización das mobilidades, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convocará aos mozos/as beneficiarios/as das axudas a unha reunión informativa na que deberán cubrir un cuestionario sobre a mobilidade realizada e a situación laboral actual. No caso de que o/a mozo/a beneficiario/a acredite mediante escrito motivado a imposibilidade de asistencia a estas reunións, se lles remitirá o cuestionario por correo electrónico que deberá remitir debidamente cuberto no prazo dos dez días seguintes a súa recepción.

No prazo de seis meses ao remate do período de realización das mobilidades, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado remitirá por correo electrónico aos mozos/as beneficiarios/as das axudas un cuestionario de inserción laboral que deberá ser devolto debidamente cuberto no prazo dos dez días seguintes a súa recepción.

Nos proxectos de mobilidades de concellos e entidades, as entidades promotoras, aos tres e seis meses seguintes á realización das mobilidades remitirán á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, un cuestionario de inserción laboral debidamente cuberto por cada mozo/a beneficiario/a da axuda. Ademais os concellos e entidades están obrigados a proporcionar calquera outra información que se considere pertinente con tal finalidade.

Máis información

subactividades-xuventude.ctb@xunta.es

981544869

Moitas grazas